

Facémonos tres preguntas: ¿Que é o estado llano? Todo. ¿Que foi ata o presente? Nada ¿Que pide? Ser algo (...) Primeira petición: Que os representantes do Terceiro Estado non sexan elixidos máis que por cidadáns que pertencen verdadeiramente ao Terceiro Estado...Segunda petición: Que os seus deputados sexan iguais en número aos dous das dúas ordes privilexiados...Terceira petición: Que os Estados Xerais voten non por ordes, senón por cabezas... Neste estado de cousas, ¿que lle queda por facer ao Terceiro Estado se quere verse en posesión dos seus dereitos políticos dun xeito útil á nación?...O Terceiro Estado debe reunirse aparte, non concorrerá coa nobreza e o clero.

Abate Sieyès: ¿Que é o Terceiro Estado?, 1789.

Exemplo de comentario de texto.

O seguinte documento é unha fonte primaria de tipo político. En concreto é o famoso texto de Sieyes no que solicita o voto por cabeza nos Estados xerais no contexto prerevolucionario na Francia de 1789. Sieyes fai unha defensa do Terceiro estamento e clama que para que este teña a relevancia política que merece (“¿Que é o estado llano? Todo. ¿Que foi ata o presente? Nada ¿Que pide? Ser algo”) debe posuír un número igual os representantes da nobreza e do clero e que o voto debe ser por persoa e non por estamento “que os estados xerais non voten por ordes, senón por cabezas”.

A Francia de Luis XVI en 1789 pasaba por unha grave crise económica provocada por unha sucesión de malas colleitas. Para colmo a facenda real francesa, tal é como informou o ministro de finanzas Necker, estaba en bancarrota debido a derrota na Guerra dos 7 anos (1756-1763) e a axuda aos estadounidenses na súa Guerra de Independencia (1775-1783) co cal non podía servir para paliar a crise e o aumento da presión fiscal axudou a que os ideais ilustrados e liberais que avogaban pola extinción do Antigo Réxime prenderan na descontenta burguesía francesa.

A instancias de Necker Luis XVI convoca os Estados Xerais, que levaban sen convocarse desde 1614, para aprobar un imposto que gravase por primeira vez incluso aos estamentos privilexiados. Isto provocou unha reacción en contra da nobreza e do clero coñecido como rebelión aristocrática. Este é o momento no que se produce este documento de Sieyes. O Terceiro estamento estaba a favor de aprobar este imposto pero co sistema de voto por estamento nunca sería aprobado. Propoñen a Luis XVI modificar, como se le no texto, o sistema de votación a un individual. A cambio de este apoio, presentan os Cadernos de queixas que son unha relación dos problemas que segundo a burguesía tiña Francia é non disolver os Estados Xerais para debater e buscar solución aos mesmos a modo de Asemblea parlamentaria.

Luis XVI acepta as peticións da burguesía, pero unha vez aprobado o imposto a traizoa e dissolve a asemblea. Os representantes do Terceiro estamento se reúnen pola súa conta no Estadio do Xogo de pelota e constitúense como a Asemblea Nacional Constituínte e como os depositarios lexítimos da soberanía popular de Francia. O pobo de París apoiará este movemento tomando a Bastilla o 14 de xullo de 1789, iniciándose así a Revolución francesa. As primeiras medidas da Asemblea será a destrución do Antigo Réxime mediante a abolición dos privilexios señoriais, dos gremios e instaurando a Constitución civil do Clero. A monarquía absoluta de Luis XVI tamén será destruída reservando o poder executivo e parte do legislativo para o monarca.

A modo de conclusión podemos afirmar que este texto de Sieyes recolle as principais preocupacións políticas do Terceiro estamento e é clave para comprender as causas da Revolución de 1789.

